

Santiago de Compostela a 12 de decembro de 2024



## Á atención do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia

Estimado Presidente:

Diríxome a vostede na miña calidade de Presidente de ANPE Galicia preocupado por o benestar da nosa comunidade e do conxunto do sistema sanitario español, co propósito de expresar a gravidade das consecuencias que se derivarían de non renovar o concerto sanitario da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE).

Como vostede ben coñece, MUFACE constitúe unha institución esencial no modelo de cobertura sanitaria de España, atendendo a máis dun millón de funcionarios e as súas familias. A posibilidade de elixir entre a sanidade pública e os servizos ofrecidos por entidades privadas concertadas non só é unha garantía de dereitos para os funcionarios, senón que tamén desconxestiona significativamente o sistema sanitario público, permitindo unha distribución máis equilibrada dos recursos e reducindo a presión asistencial sobre hospitais, centros de saúde e servizos de urxencias.

De non renovarse o actual concerto sanitario, os beneficiarios de MUFACE veríanse obrigados a incorporarse ao sistema público de saúde de forma masiva.

Isto provocaría:

1. **Sobrecarga do sistema público de saúde:** A integración súbita de centos de miles de usuarios na sanidade pública xeraría un colapso na atención primaria, hospitalaria e especializada. As listas de espera, xa tensionadas, dispararíanse exponencialmente, afectando a toda a poboación.
2. **Perda de calidade asistencial:** O incremento desmesurado da demanda derivaría nunha atención máis dilatada e menos personalizada, erosionando a calidade do servizo e poñendo en risco a saúde dos cidadáns.
3. **Impacto económico:** Este cambio implicaría un aumento considerable no gasto sanitario público, ao ter que absorber de maneira imprevista un volume de usuarios adicional. O devandito impacto podería desequilibrar os orzamentos rexionais e nacionais, dificultando a sustentabilidade do sistema.



É fundamental destacar que este problema non afecta unicamente aos beneficiarios de MUFACE, senón a todos os cidadáns da comunidade autónoma e do país, xa que compromete a eficiencia e capacidade do sistema sanitario no seu conxunto.

ANPE uniuse a un gran número de forzas sindicais a nivel estatal neste obxectivo común de lograr un acordo estable, razoable e satisfactorio que garanta unha asistencia sanitaria de calidade para os empregados públicos.

Desde ANPE reclamamos tanto ao Goberno de España como ás aseguradoras unha solución que dé tranquilidade e calma aos mutualistas. Ás aseguradoras a necesidade de alcanzar un acordo, priorizando a debida atención sanitaria dos funcionarios. E ao Goberno que poña unha solución clara sobre a mesa e que dé certezas e garantías aos mutualistas, ou as medidas que sexan necesarias para evitar o colapso da sanidade pública.

Por todo o anterior, solicitamos que, desde a súa posición, actúe con determinación, instando ao Goberno de España e ás administracións pertinentes a garantir a renovación do concerto sanitario de MUFACE, en defensa do interese xeral e do equilibrio do modelo de saúde pública.

Quedo a súa disposición para colaborar en calquera iniciativa que contribúa a resolver esta situación e confío en que a súa xestión priorizará a preservación dos dereitos e o benestar de todos os cidadáns.

Atentamente,

Julio Díaz Escolante

**Presidente ANPE GALICIA**

Móbil 615226371

Mail: [galicia@anpe.es](mailto:galicia@anpe.es)